

NOVE PORQUES OU RAZÓNES QUE DEMOSTRAN QUE FALAR DE DEBERES ESCOLARES É FALAR DO MODELO EDUCATIVO.

1. Dereito a unha educación integral. Os deberes escolares vulneran o dereito “ao esparcemento, ao xogo e a participar nas actividades artísticas e culturais” (recoñecido no artigo 31 da Convención dos Dereitos do Neno). Un bo modelo educativo non pode poñer en perigo os dereitos do alumnado, son vitais para a súa educación integral.

2. Dereito á saúde. Os deberes escolares, segundo a Organización Mundial da Saúde, provocan que o nosos alumnado sofra un dos niveis de estrés máis altos de Europa e que teña “un incremento de patoloxías como as dores de cabeza, dores de costas, malestar abdominal e mareos”, así como alteracións dos “estados de ánimo que levan aos mozos a sentirse tristes, tensos ou nervosos”. Un bo modelo educativo non pon en perigo a saúde do alumnado

3. Equidade. Os deberes escolares supoñen a renuncia á atención individualizada, aplicando a todo o alumnado a mesma receita e desatendendo as súas necesidades persoais. Delegan cada día unha parte importante do traballo curricular nas familias e supeditan a boa marcha de dito traballo a que istas poidan, saiban e queiran. Se algo do anterior non existe, o alumnado sofre as consecuencias e a culpa cae de forma inxusta neste e nas súas familias. Un bo modelo educativo non pode poñer en perigo a igualdade de oportunidades, debe garantila.

4. Éxito escolar. Os deberes escolares provocan que o alumnado chegue a aborrecer o seu proceso de aprendizaxe e desconecte do mesmo, o que leva en moitas ocasións a querer abandonar os estudos antes do que se debería, incluso sen obter a titulación mínima necesaria para unha axeitada inserción laboral. Un bo modelo educativo está orientado a conquistar o éxito escolar de todo o seu alumnado, sen excepcións.

5. Autonomía pedagóxica. Os deberes escolares só teñen cabida nun modelo educativo que obriga a instruír en lugar de educar, que mantén a aposta pola memorización de datos en lugar de provocar a aprendizaxe crítica para construír novo coñecemento e relacionar o que se aprende coa vida real do alumnado actual, que vive nun mundo interactivo e audiovisual que debería reflectirse nas aulas, inmerso nun coñecemento que lle chega por múltiples vías e para cuxa xestión se lle debe preparar de maneira diferente á actual. Un bo modelo educativo debe potenciar a autonomía pedagóxica do docente para que o faga posible.

6. Función docente. Os deberes escolares convirten aos docentes en meros preparadores para superar exames, empobrecendo o seu papel. Se o alumnado aprende máis nas súas casas ou nas academias que nas aulas, é o profesorado o que resulta cuestionado e a súa función educadora é posta en tela de xuízo. Un bo modelo educativo pon en valor a ensinanza que realiza o docente e a súa función educadora.

7. Currículo escolar e tempos escolares. Os deberes escolares son a consecuencia dun currículo sobrecargado que obriga ao docente a traballar a contrarreloxo desde o inicio do curso escolar e xustifícanse na imposibilidade de abranguer todo o currículo no horario lectivo marcado pola lexislación educativa. Un bo modelo educativo configura un currículo axustado ao tempo escolar e ás posibilidades reais do sistema.

8. Rateos nas aulas e recursos humanos. Os deberes escolares xustifícanse tamén como a imposibilidade material de atender persoalmente ao alumnado, debido ao excesivo número deles en cada aula e pola escaseza de recursos humanos para atendelos de xeito adecuado. Un bo modelo educativo inviste o necesario en educación.

9. Educación en valores. Os deberes escolares invaden o tempo das familias e obriga a estas a renunciar ao seu papel educador ao reducirse as súas posibilidades de planificar actividades familiares coas que educar en valores de maneira adecuada. Un bo modelo educativo non pode traballar en contra da familia e das súas necesidades.

20 de outubro de 2016

Helena Gómez Vecino.
Presidenta.